

A NOSA ARTE

Colección do Parlamento de Galicia

FERROL
SEDE AFUNDACIÓN
PRAZA DA CONSTITUCIÓN, S/N

DO 2 DE MARZO
AO 20 DE MAIO DE 2023

A NOSA ARTE

Colección do Parlamento de Galicia

ORGANIZACIÓN

Parlamento de Galicia

Xunta de Galicia

Afundación. Obra Social ABANCA

COLABORACIÓN

Real Academia Galega de Belas Artes

COMISARIADO

M^a. Victoria Carballo-Calero

Felipe-Senén López Gómez

Xosé Carlos Valle Pérez

COORDINACIÓN DA EXPOSICIÓN

Parlamento de Galicia

Dirección Xeral de Cultura – Xunta de Galicia

DESEÑO E MUSEOGRAFÍA

Comisariado

Ática Servizos Culturais

DOCUMENTACIÓN

Arquivo Parlamento de Galicia

DESEÑO GRÁFICO GLOBAL

Starplanning

TRANSPORTE E MONTAXE

expo.gal

Agradecemento expreso ás artistas e aos artistas, así como ás súas familias e herdeiros legais, pola súa contribución á colección de arte do Parlamento de Galicia, e a colaboración desinteresada neste proxecto expositivo.

A NOSA ARTE

Colección do Parlamento de Galicia

A IMPORTANCIA DE DEMOCRATIZAR A ARTE

A gran pedra de toque do modelo democrático, hoxe vixente en toda a sociedade occidental, é a expresión da liberdade popular a través da pluralidade de pensamento e da participación civil nos procesos públicos. É dicir: permitir que todo cidadán poida ser partícipe do futuro colectivo e da protección do sistema a través do sufraxio universal.

A principal manifestación desta expresión de vontade popular é a constitución do Parlamento, que se erixe como o depositario de opinións de todo signo e, por extensión, no mosaico que reflicte a voz de toda a cidadanía. O Parlamento é a máxima casa do pobo, o lugar onde teñen amparo todas as sensibilidades que emanan do seo da sociedade, que contribúen a fortalecer as propias estruturas da nosa identidade.

En Galicia, o noso Parlamento leva máis de corenta anos exercendo de xeito exemplar a súa función de sede do poder lexislativo e asemblea primeira da legalidade galega. Como expoñente da representatividade electoral autonómica, o edificio da santiaguesa rúa do Hórreo concita todo aquilo que garante a boa saúde da liberdade pública de Galicia, así como o exercicio dos nosos principios e valores.

Esta natureza civil obriga a renunciar a toda clausura e asegurar que todo cidadán entenda, comprenda e descubra canto ten lugar no Parlamento de Galicia. Tanto para asegurar a transparencia institucional como para coñecer un dos piares da identidade democrática do noso territorio.

A exposición itinerante A NOSA ARTE permitirá que todos os galegos e galegas poidan descubrir de primeira man un dos aspectos máis descoñecidos do Parlamento como é a súa colección de arte. Ao longo dun amplo percorrido, que a transportará polas principais cidades e vilas de toda a xeografía galega, esta mostra exhibirá pezas particularmente significativas da arte contemporánea de Galicia. Unha retrospectiva selecta para dar conta da importancia que este tipo de práctica ten como expresión da pertenza a Galicia.

En definitiva, esta mostra constitúe un espello dobre para toda a cidadanía galega: atopará un reflexo da súa identidade, que cobra forma de artefacto artístico, pero tamén de proximidade institucional. O propósito é democratizar a arte e achegala a toda a cidadanía, seguindo o espírito aperturista e integrador que leva consigo o propio Parlamento. Creo que esta é unha oportunidade única para que todo visitante poida mergullarse nunha das máis prolíficas coleccións de arte contemporáneo de Galicia e coñecer o traballo dos máis talentosos artistas galegos.

A cultura, representada aquí nas distintas manifestacións artísticas, é un dereito elemental do acervo democrático, e tanto o Parlamento como a Xunta de Galicia deben asegurarse de que o seu acceso e desfrute é universal.

Esta mostra estende as colaboracións nesta materia, iniciada con iniciativas previas como "Coñece as túas institucións", e subliña a importancia de que todo cidadán se sume á celebración conxunta dos seus propios valores comúns. Confío en que a mostra alcance un gran público, e que todos e todas os que a visiten poidan desfrutar de algo tan fundamental para o noso día a día como é o libre acceso á cultura e a defensa dos nosos principios democráticos.

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente da Xunta de Galicia

UNHA COLECCIÓN PARA COMPARTIR

Dixo Castelao en Alba de Gloria que os escultores Moure e Ferreiro, xunto cos arquitectos Andrade e Casas e Novoa, «ceibaron de cadeas a nosa oprimida orixinalidade», pero non é menos certo que a eclosión creativa rexistrada en Galicia no último século semella ter configurado un auténtico rexurdimento artístico que resiste perfectamente calquera comparación con outras latitudes.

Constituído en decembro de 1981, o Parlamento de Galicia, a primeira das institucións que configuran o sistema autonómico galego, dotou a Comunidade Autónoma dun corpus xurídico propio do que derivan as maiores cotas de estabilidade e benestar de toda a historia desta vella Gallaecia.

Ao tempo, paseniñamente, o poder lexislativo foi configurando unha variada e valiosa colección de arte contemporánea na que están representadas a práctica totalidade das correntes e artistas galegos máis significativos das últimas décadas.

Con todo, sexa polo que for, tanto o Parlamento en si, como a colección de arte que este atesoura, continúan a ser descoñecidos para boa parte das galegas e galegos.

Para superar esta eiva xorde esta exposición itinerante, A NOSA ARTE, organizada coa colaboración da Xunta de Galicia, de Afundación e da Real Academia Galega de Belas Artes da Nosa Señora do Rosario, que amosará en diferentes cidades unha escolma do fondo artístico do Parlamento de Galicia, unha colección que é patrimonio de todos e que con todos queremos compartir.

É unha modesta homenaxe ao talento dos nosos artistas, mais tamén un xeito de achegar o Parlamento de Galicia á nosa xente, a principal razón de ser das institucións galegas de autogoberno.

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente do Parlamento de Galicia

A MANIFESTACIÓN CREATIVA DUNHA CULTURA

A arte, nas súas múltiples expresións, desempeña un papel fundamental no proceso da formación humana, na reconciliación da singularidade individual coa unidade social. Asemade, unha colección de arte é, na súa esencia, a manifestación creativa dunha cultura e constitúe en si mesma un sistema de coñecemento que explica o comportamento, os valores e a identidade dunha sociedade.

Existe unha relación directa entre expresión artística e identidade cultural. A primeira propón códigos estéticos e éticos, cuxa lectura é descodificada e comprendida polos seres humanos que conforman un grupo social xerando en consecuencia as ideas de afinidade, filiación e identificación que definen unha cultura. Neste senso, o proxecto expositivo A NOSA ARTE, presentado nesta publicación, constitúe un valioso paradigma da identidade cultural e social de Galicia porque pon á disposición do público a colección de arte do Parlamento galego. A través dela suxire un percorrido pola creación artística das últimas décadas en Galicia, mostrando a totalidade das correntes plásticas do período que abarca e unha selección dos seus artistas máis significativos.

Afundación, Obra Social ABANCA, colabora co Parlamento de Galicia acollendo nos seus espazos este proxecto expositivo sobre a súa colección de arte, facilitando o seu obxectivo de abrir á sociedade a colección que atesoura e que era, ata hoxe, descoñecida para a cidadanía. O proxecto está perfectamente aliñado coa nosa misión transformadora que pretende o desenvolvemento integral da sociedade galega, dentro e fóra de Galicia, mediante unha acción educativa, social e cultural que fomenta o coñecemento a través da cultura nas súas múltiples manifestacións. A colaboración institucional desta exposición esténdese á Xunta de Galicia e á Real Academia Galega de Belas Artes da Nosa Señora do Rosario, catro entidades que suman recursos e vontades para achegar a Galicia un proxecto que suma patrimonio artístico e identidade cultural.

A NOSA ARTE supón a expresión dunha cultura, pero é, á vez, unha forma profunda de deleite, o motor dos nosos sonhos e un catalizador das nosas emocións, porque, como expresa Friedrich Nietzsche, «debemos vivir a arte para non morrer de realidade».

Miguel Ángel Escotet
Presidente de Afundación

DIÁLOGO COA HISTORIA E COA CULTURA

A Academia Galega de Belas Artes, neste 2022, recibiu da Presidencia do Parlamento de Galicia o encargo de facer unha selección da obra pictórica dos seus fondos, a fin dunha itinerancia expositiva por varias cidades de Galicia. E velaí unha encomenda, entre outras asesorías solicitadas, que conxuga e pon a proba a madurez democrática de dúas institucións caracterizadas por canto envolve o humanismo: esa actitude que integra e espalla os valores humanos de igualdade, liberdade, xustiza, imparcialidade...

O Parlamento de Galicia foi instituído dende as primeiras eleccións autonómicas, no 1981, e a partir da elaboración do Estatuto de autonomía. Lembramos aquel histórico primeiro encontro no emblemático Salón do Palacio de Xelmírez, un frío día 19 de decembro daquel ano. Foron anos de creación de infraestruturas coa dignidade que merecía un vello anhelado. Así é que no ano 1989 o Parlamento pasa a ter sede nun rehabilitado Pazo do Hórreo.

Dende o primeiro momento, aqueles espazos foron recibindo doazóns e depósitos de obra de creadores e creadoras de Galicia, e mesmo se entendeu que naquel ámbito de palabra, de parlamento e de acordos debiera crearse outro diálogo coa historia e a cultura, o que debiera facerse a través dese outro xeito de expresión que é a Arte.

Tras este encargo, a Academia Galega de Belas Artes determinou unha comisión formada polos académicos María Victoria Carballo-Calero, Felipe-Senén López Gómez e Carlos Valle, especialistas non soamente na arte galega, senón en museoloxía, a fin de realizar unha selección con base ao que existe entre os fondos, partindo de criterios de calidade en canto implica a forma, as técnicas, o fondo, a significación de cada obra e do seu autor ou autora non só no seu tempo, senón mesmo na actualidade.

Deste xeito, Parlamento e Academia non soamente manteñen o fin de dar a coñecer o estado das obras pictóricas do Parlamento, senón mesmo no xeito de facer camiño, en canto implica un proceso interdisciplinar, contando con institucións democráticas para que materialicen os seus fins. Misión feita dende un prisma humanista, con canto isto implica e do que nace e madura a palabra e as artes, isto é o que significa un Parlamento e unha Academia.

Manuel Quintana Martelo

Presidente da Real Academia Galega de Belas Artes

UNHA MOSTRA ABERTA

Partimos dunha selección de fondos propiedade do Parlamento de Galicia, que agora desexa mostrar publicamente nas cidades de Galicia. Non se exhiben todos os fondos nin se trata dunha mostra xeral sobre unha época, a contemporaneidade, mais si se pretende que as obras expostas, seleccionadas con base en criterios de calidade e expositivos, tamén xeográficos, permitan xerar un argumentario que, amais de matizar moitos dos tópicos que se seguen a manter, posibiliten unha mirada nova e fecunda sobre esas obras, eses anos e os artistas representados.

Agardamos que o visitante axude a completar cos seus coñecementos o argumento, verifique o acerto ou desacerto coas obras seleccionadas e, como non, polemice, se o considera oportuno, nun debate construtivo. A exposición concíbese como unha mostra aberta aventurando unha hipótese sustentada na calidade dunhas obras consideradas en si mesmas e adquiridas, ou cedidas polos seus titulares, desde o principio da institución parlamentaria, que tenta ofrecer unha panorámica da situación da arte contemporánea en Galicia nunha etapa tan sinalada.

O obxectivo desexado sería que, unha vez finalizado o período de exhibición, puidésemos entre todos atopar uns eixos ou fíos de comunicación que permitisen articular esa Colección tan ansiada, grazas ao labor de adquisicións levado a cabo meritoriamente polo Parlamento durante tantos anos e tamén á xenerosidade dos artistas, facéndoa accesible á colectividade.

Esta perspectiva tende a ser, obviamente, un traballo de aproximación e de síntese caracterizado polo fragmentario, coas súas evidentes lagoas, a ausencia de nomes propios ou friccións interpretativas.

Os últimos 40 anos foron, dende o noso punto de vista, décadas de intensos movementos, de acción e reacción, de avances e de retrocesos.

Na década dos 80 partíase dunha situación de precariedade nas infraestruturas culturais públicas, que se remediaba con modelos de autoxestión no organizativo -en moitos casos de carácter colectivo- e coa utilización de espazos que non estaban deseñados, na maior parte dos casos, para as necesidades específicas que se desenvolvían neles. No ámbito institucional estaba todo por facer. As exposicións realizábanse nas Casas de Cultura, en edificios históricos ou nos que mantiñan as obras sociais das Caixas, no mellor dos casos.

Será a comezos dos anos 90 cando se remedie esta situación coa creación, por parte de diferentes administracións, de contedores culturais, como o Auditorio de Galicia, a finais de 1989, o Centro Galego de Arte

Contemporánea, en 1993, o Centro Torrente Ballester, tamén en 1993, o Museo de Belas Artes da Coruña, en 1995, o Museo da Arte Contemporánea de Vigo, xa en 2002, ou o novo edificio do Museo de Pontevedra, hoxe Edificio Castelao, en 2013, por citarmos algúns.

Se as estruturas públicas se modernizaban nos anos 90, tamén o fixeron as privadas, ao tempo que se creaban fundacións vinculadas ao patrimonio artístico cedido polos seus autores ou familias.

Premios, bolsas de formación públicas e privadas ou diferentes certames que foron aparecendo e desaparecendo, permitían dispor de recursos que, aínda con frecuencia escasos, posibilitaban aos artistas continuar a súa formación no estranxeiro. Unha formación que mellorara en Galicia coa creación, por un lado, da especialidade de Historia da Arte dentro da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela e, por outro, da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo, durante os anos 90, das que xurdiron artistas, críticos, comisarios, xestores ou directores de centros de arte, que contan cun amplo recoñecemento.

Finalmente, o coleccionismo privado tamén ten mudado considerablemente, pasando de adquirir obras para decorar casas ou despachos profesionais, ata conformar verdadeiras coleccións.

É neste contexto e neste longo período de tempo en que xorde a Colección do Parlamento de Galicia, composta por máis de trescentas obras, e que agora decidiu expoñer fóra do Pazo do Hórreo nun programa de exposicións itinerantes co título de A NOSA ARTE.

Evidentemente, neste proxecto faltan obras de autores moi significativos, mais co tempo probablemente estas lagoas se irán cubrindo para acadar un conxunto. A este obxectivo, sen dúbida, contribuirá o asesoramento da Real Academia de Belas Artes de Galicia, afianzando a aposta cultural da primeira institución da Comunidade.

M^a Victoria Carballo-Calero
Felipe-Senén López Gómez
Xosé Carlos Valle Pérez
Comisariado da exposición

A NOSA ARTE


Colección do Parlamento de Galicia

FERROL
DO 2 DE MARZO
AO 20 DE MAIO DE 2023



ALFONSO PEDRO ABELENDA ESCUDERO
“ALFONSO ABELENDA”

A Coruña
 Medidas: 96x129 cm
 1993
 Óleo/lenzo




MANUEL COLMEIRO GUIMARÁS

Feira
 Medidas: 54x65 cm
 1980
 Óleo/lenzo




JAVIER CORREA CORREDOIRA

A Rosa Selavi
 Medidas: 50x260 cm
 1988-1989
 Óleo, papel e táboa



ALFONSO COSTA BEIRO

Zapato roxo
 Medidas: 145x91 cm
 1986
 Óleo/lenzo



FELIPE CRIADO MARTÍN

Nena diante dun mural
 Medidas: 195x145 cm
 1989
 Mixta/lenzo



CAMILO DÍAZ BALIÑO

Estatuto de Galicia si
 Medidas: 100x70 cm
 1936
 Lámina papel impresa



MARIO FEAL ROMERO

Ladys coruñesas II

Medidas: 170x50 cm

2006

Mixta: acrílico/táboa



MARIO FEAL ROMERO

Ladys coruñesas III

Medidas: 170x50 cm

2006

Mixta: acrílico/táboa




VIRXILIO FERNÁNDEZ CAÑEDO

Vendima de Monterrei

Medidas: 100x100 cm

Década 1980

Acrílico/táboa




JOSÉ MARÍA ISIDRO FRAU Y RUÍZ
“JOSÉ FRAU”

Bodegón de flores

Medidas: 113x110 cm

Sen datar

Óleo/lenzo



ALEJANDRO GONZÁLEZ CRUZ
“ALEXANDRO”

Os peixes

Medidas: 202x285 cm

2003

Mixta/tea



CONSTANTINO GRANDÍO LÓPEZ

Rúa
Medidas: 61x50 cm
1972
Óleo/lenzo



ANTONIO LAGO RIVERA

Desnudos en el Pardo
Medidas: 80x72 cm
1961
Óleo/lenzo



ANTÓN LAMAZARES SILVA
“ANTÓN LAMAZARES”

Domus Omnia Maceira XXIII
Medidas: 117x89 cm
2008
Mixta: madeira/cartón



CARMEN LAMAS PÉREZ
“MENCHU LAMAS”

Esfera cromática
Medidas: 250x250 cm
2005
Mixta/tea



FRANCISCO LLORÉNS DÍAZ

Escea de xénero
Medidas: 30x45 cm
Sen datar
Óleo/lenzo



JOSÉ TELMO LODEIRO FERNÁNDEZ
“LODEIRO”

Galaxia
 Medidas: 150x162 cm
 1975
 Óleo/lenzo



JUAN LUIS LÓPEZ GARCÍA

Mañana de domingo
 Medidas: 116x81 cm
 Sen datar
 Óleo/lenzo


SIRO LÓPEZ LORENZO

Eros V
 Medidas: 76x99 cm
 1985
 Témpera/cartón



VÍCTOR LÓPEZ-RÚA

O xogo do escondite
 Medidas: 200x230 cm
 2006
 Óleo/lenzo



URBANO LUGRÍS GONZÁLEZ

Paisaxe metafísica
 Medidas: 157x373 cm
 1961
 Óleo/táboa



CARLOS MASIDE GARCÍA

Calles de Vigo
Medidas: 65x45 cm
Sen datar
Óleo/lenzo




VÍCTOR MEJUTO SEOANE

El lavatorio de Tintoretto
Medidas: 150x400 cm
2017
Mixta e acrílico sobre loneta




JOSÉ OTERO ABELEDO
“LAXEIRO”

Figuras
Medidas: 41x33 cm
1966
Óleo/tablex



JORGE SERAFÍN PETEIRO VÁZQUEZ

O Parlamento de Galicia
Medidas: 200x270 cm
2003
Óleo/lenzo




XAVIER POUSA CARRERA
Castrelo de Miño
 Medidas: 64x79 cm
 1992
 Óleo/lenzo




MANUEL QUINTANA MARTELO
“QUINTANA MARTELO”
MARaVIÑAS (D)
 Medidas: 200x550 cm
 2013 -2018
 Óleo/tea



JAIME QUESADA PORTO
“XAIME QUESSADA”
En Galicia un día (D)
 Medidas: 200x150 cm
 1975
 Óleo/lenzo



MANUEL RODRÍGUEZ MOLDES
“MANUEL MOLDES”
Electric - man- link - 01
 Medidas: 195x114 cm
 2001
 Óleo/lenzo



RICARDO SEGURA TORRELLA

Muller galega
Medidas: 99x80 cm
1981
Óleo/lenzo



LUIS SEOANE LÓPEZ

Mujer con corsé
Medidas: 98x67 cm
1957
Mixta/papel



ARTURO SOUTO FEIJOO

Catro figuras
Medidas: 60x50 cm
Sen datar
Gouache/papel



ALFONSO SUCASAS GUERRA

Antroido
Medidas: 218x159 cm
1988
Óleo/lenzo



CARLOS SOBRINO BUHIGAS

No peirao
Medidas: 98x151 cm
1940
Óleo/lenzo



JOSÉ VÁZQUEZ CASTRO

Sen título
Medidas: 28x21 cm
1995
Acuarela/papel





Colabora:

